



ACTA CONCURSO DE CARTEIS 'QUIN ALBORÉS' - NIGRANJAZZ 2025

Nigrán, 13 de maio de 2025

Recibidas 38 propostas de imaxe para participar no concurso de carteis do Concello de Nigrán 'Quin Alborés' dotado con 700 € e que representará a imaxe do XIX Nigranjazz, os seis membros do xurado reúnen na Oficina de Prensa do Concello o martes 13 de maio de 2025 sendo ás 10:30 horas para valorar e seleccionar ao gañador tendo en conta a calidade artística, o impacto visual, a vinculación coa estética do jazz e a lexibilidade dos carteis presentados.

Tras unha longa deliberación nunha primeira votación seleccionanse 6 finalistas baixo os lemas:

- Acordes de Jazz
- Fukui
- Jazznoaire
- O Xigante do Jazz
- Acordes_de_Jazz
- Jazz_en_color

Tras unha segunda deliberación sobre estes 6 finalistas e unha segunda rolda de votacións o xurado selecciona dúas propostas moi diferentes entre si: 'Jazznoaire' e 'Acordes de Jazz'.

O xurado realiza unha nova deliberación e unha terceira rolda de votacións na que finalmente resulta **GAÑADOR DO CERTAME 'JAZZNOAIRE' baixo a autoría de ÁLVARO CEDEIRA PÉREZ.**

O xurado destaca a sinxeleza clásica da composición gañadora e o gran traballo tipográfico desenvolvido en cada apartado, o que confire ao conxunto unha harmonia perfecta entre a propia ilustración e a información sobre o festival, aspecto clave nun cartaz. O Xurado considera que a minuciosidade tipográfica de 'Jazznoaire' destaca sobre o segundo finalista 'Acordes de Jazz' que, tendo unha ilustración dun estilo moi diferente pero igualmente sobresaínte, non mantén ese nivel co texto da programación e comete un erro na edición do festival, o que lle resta equilibrio á proposta.

A ilustración do cartaz gañador, que bebe do estilismo dos anos 50-60, simboliza na súa sinxeleza a liberdade creativa do jazz mediante a trompeta (un dos instrumentos máis clásicos deste xénero) e o voo dos paxaros. Esta referencia ornitolóxica e a propia cor azul predominante remiten aos ceos de verán e a paisaxe acuática da Foz do Miñor. Ambos aspectos, por un lado a clara referencia ao universo do jazz e, por outro, a singularidade do propio Nigranjazz, son aspectos que o xurado valora en cada cartaz, igual que a versatilidade para realizar adaptacións como camisolas, banners, etc. Neste sentido, o Xurado quere facer constar que cada ano descarta traballos obxectivamente excelentes pero afastados por completo destas premisas e, polo tanto, non representativos.

Por todo o mencionado, o Xurado considera unánimemente que 'Jazznoaire' é a mellor proposta para promover o Nigranjazz 2025 e, ao mesmo tempo, a súa gran calidade outorga un novo pulo a este certame.

Asinan o acta os 6 membros do xurado:

Juan A. González Pérez- Alcalde e Presidente do Xurado

Felipe Villar Andrade - Secretario e director do Nigranjazz

Olalla Fernández Álvarez - Vogal. Deseñadora gráfica

Miguel Fernández Alborés - Vogal. Irmá de Quin Alborés

Natalia Gomez Iglesias - Vogal. Deseñadora gráfica

María Villar Andrade – Vogal, responsable de Comunicación do Concello de Nigrán

**GOMES
IGLESIAS
NATALIA -
77005575B**

Firmado
digitalmente por
GOMES IGLESIAS
NATALIA -
77005575B
Fecha: 2025.05.14
22:15:08 +02'00'

Firmado por VILLAR ANDRADE
FELIPE - ***0607** el día
15/05/2025 con un certificado
emitido por AC FNMT Usuarios

Firmado por
***8713** JUAN
ANTONIO GONZALEZ
(R: ****3500*) el
día 15/05/2025 con
un certificado

Firmado por MARÍA
VILLAR ANDRADE -
***7086** el día
15/05/2025 con un
certificado
emitido por AC
CAMERFIRMA FOR



Miguel Fdez Alborés
77.0220.903 P